Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A traizón da torre de Sandiás

Cando eu era neno, un veciño de O Castro, a aldea que está ó pé da Torre de Sandiás, concello de Sandiás (Ourense) contoume a seguinte lenda:

Hai moito tempo un exército de homes vidos de lonxe arrodearon a Torre do Castro, pero os que alí vivían defendéronse valentemente do ataque, e non a deron tomado (os seus muros aínda hoxe impresionan). Pero unha noite, un criado abriulles a porta ás agachadas, e eles entraron e pasaron a coitelo a todos os habitantes da torre, non tendo piedade con ninguén, para logo plantarlle lume e botala embaixo.

Non hai moito tempo lin nun libro de historia no que aparecia reseñado este relato; o exército eran o dos Irmandiños. O meu veciño dubido moito que lera este libro, mais as lendas moitas veces téñenvos unha base real.

"*... Os sitiadores, axudados pola traizón dun criado, entraron unha noite pola portela, mataron ós defensores, e puxeronlle lume á torre, onde pereceron os familiares, derruiron a fortaleza, e voltaron a reforza-lo cerco de Allariz*¨.

Historia de Allariz, Vila y Corte Románica¨ A. Cid Rumbao. Dep. Prov. Ourense (1984)

[Texto e foto remitidos por Xavier Feixoo

, de Sandiás (Ourense)]



COMENTARIOS ENVIADOS

¿Que sería da Limia sen as cidades asolagadas, os tuneis que comunicaban as torres, a raiña loba...?

Enviado por victor perez baltar o 07/05/2010 ás 22:26:07